

Programa de Formación: «Visibilidade da produción científica»

Data: xoves, 16 novembro, 2017 -09:30 -
11:30
xoves, 16 novembro, 2017 -12:00 -
14:00

Lugar: Salón de Actos do
CITIUS

Poñente(s): Andrés Pandiella (Universidade Carlos III, Madrid)

Idioma: Castelán

Streaming: Non

Obradoiro impartido polo investigador Andrés Pandiella (Universidade Carlos III).



Este obradoiro ofrecerá aos asistentes ferramentas teóricas e prácticas que permitan coñecer, aplicar e valorar técnicas de avaliación da I+D+i. Ao longo das dúas sesións que conforman o curso, presentaranse as diferentes fontes de información de utilidade para recoller e analizar publicacións científicas do seu ámbito de interese, ademais de mostrar cómo construír e analizar críticamente indicadores bibliométricos e cientimétricos.

Contidos

- Bases de datos xeralistas e multidisciplinares (*Web of Science* e *SCOPUS*), cobertura, vantaxes e limitacións.
- Bases de datos especializadas na área das Tecnoloxías da Información, vantaxes e limitacións.
- Congresos / Ranking de congresos
- ¿Qué información ofrecen as diferentes fontes? (comparación e discusión)
- Tipoloxías de publicación (vantaxes e limitacións)
- Colaboración na área das Tecnoloxías da Información? (medianas de co-autoría, colaboración internacional, principais socios)
- Creación de perfís
- Sinaturas / Normalización institucional
- Redes sociais de autores
- Indicadores altimétricos
- Estratexias para incrementar impacto (o número de citas/etc.)

O segundo bloque temático, desde unha perspectiva máis especializada, abordará os seguintes puntos:

- Definir as *TIN*: Estratexias de busca
- Fontes e metodoloxías máis usadas para a avaliación
- Axentes produtores (autores, institucións e países)
- Indicadores de impacto e visibilidade
- Busca bibliográfica en diferentes bases de datos
- Técnicas bibliométricas para a identificación de temáticas *TIN*
- Descarga de publicacións pertinentes segundo as características de cada fonte
- Construción de táboas coa información recuperada
- Elaboración de indicadores
- Interpretación de datos para a elaboración de informes
- Visualización de información (ferramentas e programas)

Sobre o poñente

Andrés Pandiella é doutor polo *Departamento de Psiquiatría da Universidade Autónoma de Madrid*, no que desenvolveu actividades de docencia e investigación en historia e teoría da ciencia desde 2007 ata mediados de 2013. A partir deste ano, coa súa inclusión no *Laboratorio de Estudios Métricos da Información*, especializouse na bibliometría e a avaliación da actividade investigadora a través de diferentes actividades de investigación desenvolvidas na *Universidade Carlos III de Madrid* dentro da recén creada *Unidade de Rankings* e, posteriormente, dentro do *Instituto para a Avaliación da Ciencia e a Universidade (INAECU)* Entre elas, destacan os proxectos realizados para a creación dun servizo de apoio ás universidades públicas para a súa participación nos rankings internacionais así como a análise sobre o posicionamento das universidades españolas nos rankings internacionais.

Actualmente atópase vencellado a diferentes proxectos de investigación como o da realización do *Mapa de Coñecemento da Universidade Española*; ou os dous proxectos do *Programa Estatal de I+D+i Orientada aos Retos da Sociedade* a) *Novos horizontes en investigación e innovación para a sostibilidade enerxética e o transporte no medio ambiente urbano* e b) *Detección de novos frontes de investigación e innovación en eficiencia enerxética en España*.